

LER, ESCOITAR, BAILAR...

BBS



Rosalía pequeniña.

Uxia Senlle e Marina Seoane.
Galaxia

Rosalía pirata, poeta, aventureira ou fada. Rosalía para cantar, para rir, para gozar ou bailar.

A nena e o grilo nun barquiño.

Magín Blanco e Leandro Lamas.

Fol Música.

Libro disco con historias orixinais acompañadas de cancións en distintos estilos e propostas plásticas para os nen@s.



A DULT@s

Ardalén.

Miguelanxo Prado.

El Patito Editorial

Somos o que recordamos e o que os demais recordan de nós. Sabela intenta reconstruír unha parte da súa historia a través dos recordos de Fidel. Pero hai máis fíos que se van enguedellando nese proceso de recuperación.



Castelao. Máis alá!

Inacio e Iván Suárez

Demo Editorial e Kómic Librería.

Terceira entrega da biografía de Castelao en banda deseñada.

www.blogoteca.com/bbs

LIBROS COMO A AREA



Chegamos ao remate do curso coa sensación de ter aprendido moito sobre banda deseñada e a certeza de que seguiremos lendo cómic, porque nos gusta e porque, por fin, hai banda deseñada de calidade para nenos e nenas.

Propoñémosvos cómics para o verán pero tamén música, poesía, natureza e narrativa... Propoñémosvos que pasedes pola BBS e levedes unha bolsa con lecturas para o verán; **Libros que veñen e van**, entre as vosas casas e a vosa biblioteca.

Bo verán e boas lecturas, sempre.

Biblioteca **B**rea **S**egade

**LIBROS
QUE
VEÑEN
E VAN**

As bolsas de lectura de verán agardan por vós na biblioteca entre o 25 e o 28 de xuño, en horario de mañá.

**E no verán, xa sabedes:
B.P.M. "Castelao"
Rianxo**

Horario	Luns a venres
Mañás	09:30-14:00

**BOLETÍN INFORMATIVO DA
BIBLIOTECA BREA SEGADE**

LIBROS COMO A AREA

LIBROS COMO


A AREA

BBS

Biblioteca Brea Segade

Xuño 2013

P RIMEIR@S LECTOR@S



Marcopola. A illa remeira II. Os piratas da lúa.



Jacobo Fdez Serrano. Xerais.

Nova aventura de Marcopola na que coñeceredes aos Piratas da Lúa, unha banda de mariños nocturnos moi amigos da festa rachada.

Astro-Ratón y Bombillita. Parece que chispea.

Fermín Solís. Bang.

Astro-Ratón perdeu na inmensidade do espazo, pero contará coa axuda de Bombillita para voltar a casa.



Un rato díxolle á lúa.

Antonio García Teijeiro. Xerais

Antoloxía de vinte e cinco anos de poesía infantil de Antonio García Teijeiro. Poemas simpáticos, fermosos, divertidos, sensíbeis, punzantes, libres, salgados, máxicos, que transmiten emoción, beleza e solidariedade.

Inclúe un CD con poemas musicados e interpretados por Paco Ibañez.


A historia fascinante da vaca rodante.

Cristina Corral Soilán. Everest.

Pastora é unha vaca moi curiosa. Decide ir buscar o mar porque nunca o viu. As présas e a curiosidade enredana polo medio das montañas luguesas. Ao final das súas aventuras, descubrirá un espectáculo marabilloso que ninguén debería perder...



L ECTOR@S AUTÓNOM@S



Pequeños titanes.

Art Baltazar/Franco. ECC Ediciones.

Superheroes de banda deseñada na infancia. Empeza o curso para Robin e os seus amigos e non pode ser peor: o director da escola é Deathstroke o Exterminador e un dos profesores é o demo Trigon! Sorte que entre clase e clase, poden descansar probándose os novos traxes de superheroe e xogando cos Cinco Temibles.

La super pandilla.

Pierre Fouillet / Christine Beigel. Bang.

Lulú é unha nena como as demais, salvo por un pequeno detalle: o seu pai, Robert Chatainclair, é James Bonbón, un axente top-secret. É tan top-secret, que nin al mesmo o sabe, polo menos iso é o que nos fai crer. Aventuras e misterio en banda deseñada.



Ocultos.

Xulio Gutiérrez e Nicolás Fernández.

Faktoria k.

Libro informativo no que se describen animais que se defenden camuflándose: o xaguar, a lebre ártica, ; o camaleón, a serpefalsa coral, a rafrecha, a solla, o peixe sapo, o insecto pau, bolboreta do bidueiro, o polbo... Imprescindible para os amantes dos animais e as súas curiosidades.

Desde unha estrela distante.

Agustín Fernández Paz. Xerais.

Daniela está pasando uns días na casa da súa avoa. Unha tarde sobe ao faiado e leva o susto da súa vida. Ao abrir un baúl, aparécelle un rato decidido a falar con ela e que, en realidade, é un extraterrestre! Poderán chegar a entenderse dous seres tan diferentes?



L ECTOR@S EXPERT@S



Los niños del otro lado.

Bannister / Nikko. Dibbuku.

Noe, Teo e Máximo son tres amigos inseparables reunidos para un triste acontecemento: o enterro do Pai Gab. Alí coñecen a Rebeca, a neta adoptiva do defunto. Van con ela á casa do avó e atopan un pasaxe secreto cara a outro mundo. Misterio e ciencia ficción en banda deseñada.

O encanto da pedra chá.

Pere Tobaruela e Daniel Xove.

Everest.

Tres rapaces visitan unha antiga gran casa. Nun dos cuartos atopan unha lápida cunha inscrición na que se pode ler un anaco dun poema de Rosalía. Ao carón da lápida, hai unha porta que agocha un mundo misterioso.



Una asombrosa aventura de Jules

Émile Bravo. Ponent Mon

Jules é un adolescente que vai a unha expedición espacial. No espazo exterior, unha civilización extraterrestre poñerá en apuros á tripulación. Humor e aventura en cómic.

Golfiño e os invasores.

Fausto Isorna. El Patito Editorial

Xa están aquí! A invasión está en marcha! O que empeza como unha tranquila tarde no parque, convértese para Golfiño e os seus amigos nunha trepidante aventura na que deberán enfrontarse a unha raza alienígena que chega á Terra con propósitos inconfesables...

